



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE CÁRITAS DIOCESANAS DE SANTIAGO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE APOIO A FAMILIAS MONOPARENTAIS.

MENORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade Cáritas Diocesanas de Santiago o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Cáritas Diocesana de Santiago para o desenvolvemento dun programa de apoio ás familias monoparentais cunhas características específicas en Santiago de compostela, nun centro da titularidade da devandita entidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, considera conveniente a sinatura dun convenio de colaboración para o desenvolvemento dun programa de apoio ás familias monoparentais. O carácter singular deste instrumento, sen convocatoria pública, xustifícase na exclusión da concorrência pois a entidade Cáritas Diocesana de Santiago é a única que desenvolve o programa de apoio ás familias monoparentais, o que fai que non sexa posible promover a concorrência pública de cara á concesión dunha subvención para tal fin.

A entidade Cáritas Diocesanas de Santiago é unha entidade de iniciativa social que ten como un dos seus obxectivos a defensa das familias na súa integridade e das familias monoparentais en particular e ven desenvolvendo un programa de formación, orientación e apoio ás familias monoparentais que, carentes de medios e recursos axeitados, precisan dun servizo asistencial para a normalización da súa convivencia, nun centro do que é titular esta mesma entidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 12 de maio de 2017

